



CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura
Expte.: 2024/C004/000002

INFORME TÉCNICO DE ACREDITACIÓN DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TÉCNICA. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DE ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CARME E A FRAGA 2024.

- En data 09/07/2024 10:07:58 o departamento de contratación remite documentación técnica adicional presentada por SOTO ESPECTÁCULOS AS PONTES SL para realizar informe técnico de valoración.

ANTECEDENTES:

1. Expediente de contratación nº 2024/C004/000002 para a contratación do servizo interpretación artística de orquestras para as Festas patronais do Carme e A Fraga 2024 (procedemento de adxudicación negociado sen publicidade)

2. No PCAP deste contrato, no punto 9 “Documentación a presentar. Prazo e lugar de presentación. Aspectos obxecto de negociación. procedemento de negociación”. Indícase que:

“Xunto coa oferta (no sobre B) presentarse, en formato PDF, a ficha técnica de cada espectáculo, así como a do material necesario para realizar cada evento, onde se especifican as súas necesidades, e que consta da seguinte documentación:

- Planos de escenografía (planta, alzado e sección).
- Planos de iluminación.
- Distribución de son.
- Tempo e horarios de montaxe e desmonte.
- Persoal técnico necesario (maquinaria, electricidade, son e calquera outro).
- Programa de traballo para a montaxe e ensaio do espectáculo.
- Xustificación da idoneidade dos camións-escenarios ás necesidades dos grupos musicais e o recinto onde celebren os concertos. Aportarase declaración de conformidade do fabricante CE das instalacións ou documento análogo acreditativo da idoneidade asinado por técnico competente, así como a documentación xustificativa das ITV dos mesmos.

3. No PPT deste contrato o punto 3.3 indica que “Escenarios: camións-escenarios que cubran as necesidades dos grupos musicais das orquestras e o recinto onde se celebran os concertos. A empresa contratista deberá someterse as actividades de inspección e control que determinen os servizos competentes do Concello para garantir a plena seguridade das instalacións (electricidade, ITV, documentación de escenarios móbiles asinado por persoal técnico competente e toda a normativa de aplicación.)

4. Apertura do sobre B na data 09/07/2024. A empresa SOTO ESPECTÁCULOS AS PONTES S.L presenta a documentación referida nos apartados 2 e 3 destes antecedentes.



CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura
Expdte.: 2024/C004/000002

5. Os documentos remitidos a este servizo para a súa valoración presentados por SOTO ESPECTÁCULOS AS PONTES S.L., CIF B70187034, son tres documentos en PDF nomeados do seguinte xeito:

“MARBELLA PLAYERS OLIMPUS CAPITOL_compressed” con 218 páxinas.

PASION ANTHA JAQUE_compressed.pdf con 177 páxinas.

SATELITES PARIS ORIGEN LA MISION_compressed” con 277 páxinas.

6. Con data 12/07/2024 emito informe sobre a documentación presentada e revisada, no que se detalla a documentación non presentada, caducada ou non lexible de cada grupo e/ou orquestra.

7. En data 15/07/2024 a empresa Soto Espectáculos presenta a seguinte documentación:

- Documento no que presenta a seguinte aclaración en canto aos planos das orquestras:

“Todas las orquestas tienen un escenario base que se monta sobre una plataforma de 13,60 metros. A partir de esa plataforma cada una de las orquestas, de acuerdo a sus necesidades y medios, despliega un escenario móvil con distintas prolongaciones y medidas (detalladas para cada orquesta en los planos ya aportados).”

- Orquestra **LOS PLAYERS**

- ITV: en vigor ata 09/01/2024
- CIE: Boletín de instalación eléctrica (08/07/2024)

- Orquestra **OLYMPUS**

- ITV: en vigor ata 01/03/2025

- Orquestra **CAPITOL**

- ITV: en vigor ata 23/10/2024

- Orquestra **PARIS DE NOYA SHOW**

- CIE: actualizado, de data 15/07/2024

- Orquestra **LA MISIÓN**

- Certificado de revisión periódica e idoneidade de data 13/07/2025

- Grupo **ANTHA**

- ITV: en vigor ata 07/08/2024

- Grupo **JAQUE**

- Certificado de revisión periódica e idoneidade caducado, de data 11/04/2024 (validez de un ano)
- ITV: en vigor ata 04/09/2024

- Grupo **PASIÓN**

- ITV: en vigor ata 13/01/2025



CONCELLERÍA DE CULTURA
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º · 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura
Expdte.: 2024/C004/000002

8. En data 15/07/2024 a empresa Soto Espectáculos presenta a seguinte documentación:

- Certificado de mantemento do escenario móvil de data 09/07/2024 (validez de un ano), da Orquestra **LOS PLAYERS**

INFORMO:

1. A empresa SOTO ESPECTÁCULOS AS PONTES S.L. presenta a da documentación solicitada nos puntos 2 e 3 dos antecedentes.

2. Con respecto da idoneidade dos camións escenario (certificacións, ITV, permiso circulación, conformidade CE, CIE-boletín electrotécnico) considero que deberá ser valorada polos servizos competentes do Concello encargados da inspección, prevención, e control, ou pola empresa externa contratada para a prevención e seguridade das Festas do Carme e A Fraga.

CONCLUSIÓN:

Unha vez revisada toda a documentación presentada, xunto coa aclaración en canto aos planos dos escenarios, se desprende que as orquestras obxecto desta contratación dispoñen dos medios materias e de persoal necesarios (escenario, son, iluminación, persoal de montaxe-desmonte...) para a prestación do servizo técnico adecuado, polo que se deduce que teñen a capacidade de realizar o espectáculo.

Se emite informe este sen prexuízo doutros criterios mellor fundados.

E para conste aos efectos correspondentes, asíñase o presente informe na data da sinatura dixital.

As Pontes de García Rodríguez
Susana Bellas Bermúdez, xestora cultural